



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

NORMAS PARA A CESIÓN E USO DO SALÓN DE ACTOS DO CENTRO CULTURAL

O Salón de Actos do Centro Cultural atópase a disposición de asociacións e colectivos para a realización dos seus actos públicos.

Mais para a utilización destas instalacións rexerá a seguinte normativa de uso e funcionamento:

1º) O colectivo interesado deberá contactar co Departamento de Cultura da Guarda para confirmar a dispoñibilidade de data

2º) Mediante solicitude escrita solicitará a utilización do espacio. Debendo consignarse os seguintes datos:

- Finalidade do uso. *Indicando o nome do evento.*
- Data e hora de celebración do evento.
- Data de inicio e fin do acto público e tempo necesario para montaxe e desmontaxe.
- Necesidades técnicas de mobiliario (mesa, nº de cadeiras, micrófonos, proxector, ordenador)

3º) O Centro Cultural conta con equipo de son e proxección audiovisual. Este equipamento será manexado exclusivamente polo persoal responsable do Centro Cultural.

4º) Para o bo desenvolvemento dos actos públicos que precisen a utilización dos medios arriba mencionados será **de obrigado cumprimento** que o organizador lle teña comunicado ó persoal do centro, cun mínimo de 48 horas de antelación, o contido do acto e lle teña facilitado ó arquivos multimedia a ser reproducidos, así como as indicacións sobre o momento en que se reproducirán (guión do acto).

En caso de non ser así, o Centro Cultural pode negarse a efectuar tal reprodución.

5º) O horario habitual de apertura do Centro é de 10 a 13h. e de 17h. A 20h. de luns a venres, e de 10 a 13h. os sábados. Para a realización de eventos está previsto a utilización do espacio máis aló deste horario constando as seguintes recomendacións:

- Non extender a finalización do evento entre luns e xoves máis aló das 22h.
- O uso do Centro en sábados pola tarde e domingos será de carácter extraordinario, baixo a debida xustificación de interese público.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)